



## ANUNCIO DE LICITACIÓN

Aprobados por acordo do Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2016 o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán na licitación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, para contratar o **Servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela**, faise público, para efectos de presentación de proposicións polos licitadores interesados, o seguinte anuncio:

**1. Entidade que adxudica:** organismo: Concello de Redondela. Dependencia: Servizo de Contratación.

**2. Obxecto do contrato:** realización do servizo de limpeza e xardinería nos edificios, espazos e dependencias municipais sinaladas no Prego de cláusulas administrativas particulares.

Lugar de execución: Redondela (Pontevedra).

Prazo de execución: catro (4) anos a contar dende a data da acta de inicio de prestación do servizo, podendo prorrogarse por utro período de dous (2) anos, sen que a duración total do contrato, incluída a posible prórroga, poida exceder o prazo de seis (6) anos.

**3. Tramitación e procedemento:**

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: aberto suxeito a regulación harmonizada.

**4. Garantía provisional:** non se esixe.

**5. Garantía definitiva:** 5% do importe de adxudicación referido aos catro primeiros anos de contrato.

**6. Valor estimado da licitación e tipo de licitación:** 3.596.021,04 euros, máis IVE. Total: 4.351.185,48 euros, tendo en conta a duración total do contrato, incluída a posible prórroga.

O orzamento máximo de licitación anual ascende a 599.336,84 euros, máis IVE. Total: 725.197,58 euros.

**7. Obtención da documentación e información:** Perfil do contratante do Concello de Redondela (<https://www.redondela.sedelectronica.es>) e Oficina de Contratación situada na planta baixa da Casa do Concello, rúa Alfonso XII, 2 de Redondela. Teléfono 986400300 Fax: 986403894. Correo electrónico: [contratacion@redondela.es](mailto:contratacion@redondela.es). Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

**8. Requisitos específicos do contratista:** Clasificación: non se esixe. Non obstante

---

**Concello de Redondela**

Rúa Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



entenderase acreditada a solvencia coa xustificación de atoparse clasificado no Grupo U, Subgrupo 1, Categoría D.

A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional acreditarase do xeito establecido no apartado 3 da cláusula 6ª do Prego de cláusulas administrativas particulares.

**9. Presentación de Ofertas:** Prazo: corenta e sete (47) días naturais contados a partir do envío do anuncio de licitación ao Diario da Unión Europea (DOUE).

Data do envío do anuncio ao DOUE: 29 de xullo de 2016.

Documentación a unir ás proposicións: a establecida na cláusula 8ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (Declaración responsable, Sobre A) *Oferta sobre criterios subxectivos* e Sobre B) *Oferta sobre criterios obxectivos*).

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Redondela, mediante envío por mansaxería ou por correo, na forma legalmente establecida, á dirección rúa Alfonso XII, 2, 36800 Redondela, ata as 13:30 hora do último día do prazo. Se o último día do prazo fose sábado ou día inhábil, o prazo rematará o inmediato día hábil seguinte. Cando a documentación sexa enviada por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (986403894) ou telegrama no mesmo día.

**10. Apertura Ofertas:** Data e hora: ás 14.00 horas do quinto día hábil (non sábado) seguinte ao do remate do prazo de presentación (agás que faltase algunha proposición por recibir en cuxo caso poderá retrasarse ata o décimo día hábil seguinte, anunciándose previamente a data no Perfil do Contratante).

**11. Criterios de adjudicación:** os establecidos na cláusula 10ª do Prego de cláusulas administrativas particulares.

**12. Documentación esixida ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa:** a esixida na cláusula 15ª do Prego de cláusulas administrativas.

**13. Gastos de publicidade:** serán por conta do adxudicatario ata un máximo de 2.000,00 euros.

**14. Páxina web para obtención de información:**  
<https://www.redondela.sedelectronica.es>

Documento asinado electronicamente á marxe